



O COMPROMISO de ser LUZ

En poucos días o Advento dará paso ao tempo da luz que chega da man do Neno-Deus. El, comprometido coa salvación do mundo, quixo facerse presente para ensinarnos o camiño. Agora, como membros da familia lasaliana, estamos chamados a ser as súas testemuñas e a facer realidade a nosa misión desde o carisma que nos regalou o noso fundador, san Xoán Bautista de La Salle.

O Nadal é un novo comezo, unha nova oportunidade de renacer, de enfocar a mirada, de crer, de perdoar, de renovar a fe e de celebrar, sen esquecer que hai moitos recunchos deste mundo nos que falta a paz, nos que hai moitas persoas que sofren. A fame, as guerras, os desprazamentos, as carencias do máis básico en lugares afastados e non tan afastados non poden, nin deben, esconderse baixo a alegría que vivimos os máis afortunados. A solidariedade, a xenerosidade, a xustiza e a paz deben ser faros que nos iluminen e que nos axuden a iluminar os demais.

En La Salle queremos facer do noso compromiso cos máis vulnerables o noso acicate, mirando sempre máis aló, traballando desde a unidade para, desde os xestos máis sinxelos, lograr unha sociedade máis xusta, máis sensible, máis involucrada e con oportunidades para todos e todas.

Cada día somos testemuñas do compromiso dos nosos educadores e educadoras, do alumnado, dos mozos, das familias, dos Irmáns, das persoas asociadas e das persoas voluntarias e outros colaboradores que se senten interpelados pola chamada de Deus e que actúan para facer deste mundo un lugar mellor. Sentímonos orgullosos e afortunados de ser parte desta familia que se implica para que o soño de La Salle se viva en cada unha das obras educativas e comunidades lasalianas.

Despidamos o 2025 cun renovado compromiso que, no esencial, dirixa a nosa mirada cara a aqueles que máis o necesitan. Vivamos con alegría, con ilusión e con xenerosidade o que estea por vir, gozando de cada momento, agradecidos por iso.

BO Nadal!

Equipo de Animación Distrital

